

CORNELIO

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 16 €.

Cornello (galego)

ISBN 978-84-8464-451-4. Tras os montes.

Cornello (castelán)

ISBN 978-84-8464-452-1. Clásicos contemporáneos.

En Cornèlius (català)

ISBN 978-84-16804-66-5. Clàssics contemporanis.

Kornello (euskara)

ISBN 978-84-9172-084-3. Gaur egungo klasikoak.

Cornellus (português)

ISBN 978-989-749-115-3. Clássicos contemporâneos.

Cando romperon os ovos,

os crocodilos reptaron ata a beira do río.

Mais Cornelio ergueuse e foi o único


que camiñou sobre as súas patas traseiras...

A historia de Cornelio, como todas as obras de Leo Lionni, invita a pensar e a aprender importantes leccións vitais.

O valor da diferenza, a comprensión e o respecto a quen non actúa segundo as convencións establecidas, ademais do esforzo que precisa a aprendizaxe, reflíctense neste clásico da literatura infantil.

O crocodilo que protagoniza este conto é o único da súa comunidade que camiña ergueito. Dende esa posición consegue ver o que os seus semellantes non perciben desprazándose a rentes do chan. Pero eles non lle dan importancia á amplitude de miras nin ás vantaxes de evolucionar. Fronte ao conformismo alleo, Cornelio aspira a perseverar aprendendo das habilidades doutros animais, que se amosan contentos de axudalo.

A nivel estético, Leo Lionni emprega as técnicas da colaxe e das manchas de cor que xa están presentes en títulos tan emblemáticos como «Nadarín» e «Paso a paso». Son obras nas que o mundo natural é recreado con dinamismo, riqueza cromática e luminosidade.



■ **Temática:** a diferenza, a perseveranza, a aprendizaxe.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos; técnica da colaxe e das manchas de cor; do autor «Frederick», «A casa máis grande do mundo», «Nadarín», «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», «O soño de Matías», «Álex e o rato de corda», «Paso a paso», «Cornelio», e «Unha cor propia» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cornelio-g>

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista *Fortune*. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende os Estados Unidos ao Xapón. Como el mesmo dixo: «*Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia*». O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu «*Pequeno Azul e Pequeno Amarelo*», ao que lle segui-ron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com